

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 42

ano 7

setembro-outubro 2012

Os arquivos das institucións benéfico-asistenciais (II) O FONDO DO HOSPITAL PROVINCIAL DE SAN ROQUE


Durante o Antigo Réxime, os curtos ingresos e a deficiente administración de moitos hospitais foron causa de que arrastrasen unha precaria existencia. Neste sentido, ao longo do século XVII houbo reiteradas denuncias acerca do deplorable estado do Hospital de San Roque de Ourense, razón pola que o bispo don Baltasar de los Reyes procedeu a inspeccionalo persoalmente en 1671 para redactar unhas **constituções** ou regulamento que encarrilasen o seu funcionamento. As constituções estiveron vixentes con escasas modificacións ata que se redactou o **Regulamento de 1851** co que ilustramos este número de *Fron da*. Esta norma responde aos novos criterios que inspiraban a **beneficencia pública** do século XIX e abre unha nova etapa na traxectoria do Hospital, que nese momento xa se atopaba baixo control estatal e administrado pola **Xunta Provincial de Beneficencia**.

O Regulamento de 1851 consta de 179 artigos e establece, con máis minuciosidade cas antigas constituções, cal debe ser o correcto funcionamento do hospital e as funcións do persoal encargado do goberno e servizos do centro. Ao igual que aquelas, recomenda que se procure a maior hixiene, o bo trato aos enfermos, e o coidado da alimentación destes. No primeiro capítulo detállanse as amplas facultades executivas, contables e inspectoras do **director**, sempre baixo a supervisión da Xunta Provincial de Beneficencia, e nos seguintes concréntanse as funcións do restante **persoal**, xa sexa sanitario (facultativos, practicantes e enfermeiros) ou non (cociñeira e porteiro). Ao **capelán** se lle encomenda a curación da alma dos enfermos, considerado máis importante que o restablecemento físico, a administración dos sacramentos e as honras fúnebres dos defuntos. As súas responsabilidades vense moi reducidas en comparación coas amplas funcións administrativas que lle outorgaban as Constituções de 1671.

Ademais, a norma de 1851 manda que o hospital se organice “en salas o **enfermerías** espaciaosas y ventiladas a fin de evitar el desarrollo de la infección o del contagio”, e indica a forma en que se han de gobernar as distintas salas, que haberán de estar separadas por sexos e por tipos de enfermidade (“internas” e “externas”) procurando manter illados os enfermos conta-

xiosos, os nenos, as parturientes, etc. No capítulo dedicado á **alimentación** dos enfermos fixa o contido das distintas racións e dietas. No caso dos enfermos militares, distingue entre o menú dos oficiais, moito máis abundante, e o da tropa, coincidente co dos enfermos civís. Por último, tamén regula a actividade da **Inclusa** de nenos expósitos, establecemento anexo ao hospital.

Tanto as Constituções de 1671 como o Regulamento de 1851 preséntanse como fontes de gran valor para aproximarnos á asistencia hospitalaria na cidade de Ourense en dous momentos moi distintos da súa historia.



1851, maio, 9. Ourense

“Reglamento del Hospital e Inclusa recibido en mayo de 1851”

Copia simple; papel; letra humanística; 300 x 390 cm

AHPOu, Hospital Provincial de San Roque, caixa 5885

O Hospital Provincial de San Roque

A incapacidade dos pequenos e precarios hospitais de orixe medieval para afrontar os reiterados azoutes epidémicos acaecidos no século XVI na cidade de Ourense, levaron a que no ano 1561 o **bispo Francisco Blanco** decidise fundar, de acordo co concello, o **Hospital de San Roque**. A súa construción realizouse co produto obtido da venda da práctica totalidade daqueles hospitais medievais, e para o seu sostemento foi dotado con rendas fornecidas polo prelado ás que, ao longo do tempo, se lle engadiron outras por vía de compra, doazón ou legado testamentario.

Esta **concentración hospitalaria** a partir dos establecementos medievais permitiu optimizar recursos e converter o de San Roque no hospital máis importante de Ourense. Ademais da obriga de atender pobres e enfermos, exerceu funcións de **hospital militar** ata o século XX, prestando asistencia sanitaria aos destacamentos que se atopaban na cidade ou en localidades próximas. O mencionado proceso de concentración hospitalaria e a maior relevancia da **función sanitaria** nos hospitais fundados dende o século XVI marcaron claras diferenzas coa situación de aqueles precarios hospitais medievais que eran pouco máis que casas de asilo para indixentes.

Dende a súa fundación e ata o século XIX, o Hospital de San Roque estivo baixo o padroado compartido do Concello, do bispo e do Cabido catedralicio e levou unha existencia irregular, ás veces moi precaria. Durante o oitocentos, as **leis de Beneficencia** promulgadas polo **Estado liberal** entregaron a súa tutela ás administracións locais e ás xuntas de Beneficencia, momento no que foi rebautizado como **Hospital Provincial de San Roque**. Estas reformas tamén remataron coa súa autonomía financeira, xa que os seus bens foron intervidos polo Estado, e para o seu mantemento comezaron a inxectárselle recursos consignados nos orzamentos provinciais. Dende 1868 pasou a administralo a **Deputación Provincial** ata que no ano 1993 a súa xestión foi transferida á Xunta de Galicia.


O primitivo **edificio** do século XVI levantouse nos terreos coñecidos como Horta do Concello, a carón dos soares que hoxe ocupa a Alameda. O inmovible organizábase en torno a un patio central e contaba con cinco enfermarias. En 1856 foi trasladado ao edificio do Colexio das Mercedes e en 1930 aos novos pavillóns do Hospital Modelo das Lagoas. En 1979 instalouse na súa actual localización, baixo a advocación de Santa María Nai, para incorporarse finalmente ao Complexo Hospitalario de Ourense (CHOU) en 1998.

O arquivo do Hospital

A diferenza do Regulamento de 1851, as Constitucións de 1671 conteñen varios artigos dedicados ao **arquivo do hospital** nos que se evidencia a súa importancia como custodio dos títulos dos bens e dereitos cos que se sufragou o Hospital durante o Antigo Réxime: “porque no pueden durar las haciendas sin papeles, y estos se pierden con facilidad si no ay archibo donde con cuy-

dado se guarden”.

Así vemos como a xestión e defensa desa facenda ou **patrimonio** xerou unha masa documental integrada por cartolarios, escrituras de foros, censos, xuros, rateos, preitos, etc. cos que o hospital podía asegurar o seu dereito á percepción das rendas coas que se sostíña. Ademais, o control puntual da percepción delas deu lugar a memoriais cobradores, relacións de debedores, etc.



Copia dun debuxo de Ático Noguero do primitivo edificio do Hospital de San Roque (século XVI) que evoca o estado deste antes da súa demolición en 1927. A portada renacentista reinstalouse na praza da Trindade. AHPOu, Colección de debuxos de Ático Noguero, caixa 9579.

Por outra parte consérvase **documentación administrativa** tal como correspondencia, libros rexistros de entrada e saída, facturas de provedores, libros e expedientes relativos á xestión do persoal, inventarios dos papeis do arquivo, distintos tipos de libros de contabilidade, etc. Parte desta documentación administrativa reflicte actividades específicas dos hospitais: rexistros de entrada e saída de enfermos, libros de filiación de enfermos, rexistros de nacementos e defuncións, ou inventarios de bens mobles, roupa e material sanitarios, entre outros. De especial interese resulta todo o relacionado coa **actividade clínica** como partes médicos, receitairos de alimentos, receitairos de medicación, historias clínicas ...

Na medida en que o Concello, a Mitra e o Cabido catedralicio compartiron o padroado do Hospital de San Roque durante a Idade Moderna, pódese atopar documentación ou información relativa a este establecemento nos seus respectivos fondos documentais. Do mesmo xeito, en tanto que durante boa parte dos séculos XIX e XX dependeu da Deputación Provincial, tamén se conservan no seu arquivo documentos da mesma clase.

Como resulta evidente, os **fondos hospitalarios** son indispensables para reconstruír o pasado das súas respectivas institucións produtoras, pero tamén para o estudo histórico da medicina, da epidemioloxía e, en xeral, das actividades sociosanitarias. Asemade, revelan as respostas que a sociedade de cada época lle deu á pobreza, á marxinalidade e á enfermidade; e fornecen datos útiles para estudos de economía e sociedade, en particular no referido á Idade Moderna, xa que ofrecen información sobre diversos tipos de rendas, prezos de distintos produtos, salarios, etc.



ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es



XUNTA
DE GALICIA

Textos: Francisco Sandoval Vereá. Imaxes: Amalia Castro Dacosta. D.L. OU 67/2006